

30 ANOS NA DEFENSA DO MEDIO

30



**CICLO DE CONFERENCIAS
NO TEATRO PRINCIPAL - 20:30 H**

CICLO DE CONFERENCIAS “30 ANOS NA DEFENSA DO MEDIO”

MÉRCORES 21 DE FEBREIRO

Fundamentos biolóxicos das alteracións dos transvasamentos nas bacías hidrográficas.

FERNANDO COBO, *Director do Centro de Hidrobioloxía da USC.*

Presenta **Fernando Malvar**, *membro da Plataforma para a Defensa do río Verdugo.*

Abórdase nesta charla a problemática dos transvasamentos, un tema que cobra actualidade polo pretendido na bacía do río Verdugo, e de enorme interese para quen sente a preocupación da defensa do medio. En efecto, os transvasamentos provocan variacións bruscas do caudal dos ríos, e inciden negativamente sobre a flora e a fauna do ecosistema e sobre a propia natureza dos ríos.

XOVES 22 DE FEBREIRO

A ILP para a protección do bosque autóctono e a loita contra os lumes forestais.

IVÁN PÉREZ BERJANO, *Presidente da Mancomunidade de montes de Pontevedra.*

Presenta **Antón Masa**, *Presidente da APDR.*

Fronte ao modelo de explotación do monte galego, intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido, con especies alóctonas pirófilas como o eucalipto e o piñeiro (caldo de cultivo dos lumes forestais), a ILP propón -entre outras cousas- a diversificación de usos, a moratoria para a plantación de eucaliptos, e medidas de mitigación dos lumes forestais e a protección do patrimonio.

MÉRCORES 28 DE FEBREIRO

Alternativas económicas ao cultivo de eucalipto.

ISABEL VILALBA, *Secretaría Xeral do Sindicato Labrego Galego.*

Presenta **Iván Pérez Berjano**, *vocal da APDR.*

Tratarase da necesidade de diversificar os usos do monte, analizando desde o punto de vista económico e social aquelas alternativas de maior interese fronte ao monocultivo de eucalipto, o uso que hoxe prevalece nos nosos montes e que -mesmo desde o punto de vista económico- semella aportar pouca rendibilidade.

XOVES 1 DE MARZO

A importancia dos bosques na protección dos humedais.

ADOLFO CORDERO, *Director do Laboratorio de Ecoloxía Evolutiva da Uvigo.*

Presenta **Benito Andrade**, *Vicepresidente da APDR.*

Os valores ecolóxicos e de reserva da biodiversidade dos humedais, están fóra de toda dúbida; pero, ademais, estes importantes ecosistemas aportan notábeis beneficios ás nosas vidas. Afróntase nesta charla o estado de conservación das brañas, xunqueiras, marismas,... na Galiza e a importancia que os distintos bosques teñen na súa protección.

TEATRO PRINCIPAL, 20:30 HORAS